

Resolución da Valedora do Pobo, do 20 de agosto de 2018, polo que se designan os membros da Mesa de Contratación do Valedor do Pobo con carácter permanente.

O artigo 326 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establece que a Mesa de Contratación estará constituída por un presidente, os vogais que se determinen regulamentariamente e un secretario nomeados polo órgano de contratación.

O secretario deberá ser designado entre funcionarios ou, na súa falta, outro tipo de persoal dependente do órgano de contratación, e entre os vogais deberán figurar necesariamente un funcionario de entre os que teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un interventor, ou, na falta destes, unha persoa ao servizo do órgano de contratación que teña atribuídas as funcións correspondentes ao seu asesoramento xurídico, e outra que teña atribuídas as relativas ao seu control económico orzamentario.

De acordo coas facultades que me outorga o artigo 7 do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, aprobado pola Comisión de Peticións do Parlamento de Galicia O 26-5-1997, (BOPG 678, do 20-6-1997), modificado O 2-12-2015, (BOPG 568, do 9-12-2015), e 22 de xaneiro de 2018 (BOPG 252, do 2 de febreiro).

RESOLVO

1º. Designar como membros da Mesa de Contratación da Institución do Valedor do Pobo para os procedementos abertos ás seguintes persoas:

- Presidencia: A persoa que ocupe o posto de Coordinador do Valedor do Pobo.
- Secretaría: A persoa que ocupe a xefatura de Sección de apoio e transparencia.
- Vogais:
 - A persoa que teña atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico da Institución.
 - A interventora ou o interventor do Valedor do Pobo.
 - Un/unha funcionario/a da Institución do Valedor do Pobo.

2º. No caso de ausencia, a interventora poderá ser suplida pola viceinterventora.

O resto dos membros da Mesa, agás a persoa que teña atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico da Institución, poderán ser substituídos por un/a funcionario/a da Institución.

3^o. Esta Resolución será publicada no perfil do contratante do Valedor do Pobo.

Milagros Otero Parga
Valedora do Pobo